


# A ARQUITECTURA E A PAISAXE DO XARDÍN DO GRAN HOTEL



*Portalón de entrada aos xardíns do balneario*

## INDICE

### Estudo e análise do xardín

#### -Análise formal:

-estrutura do xardín: o xardín de aparato, a horta e o bosque

#### -Análise paisaxístico:

- proxección da imaxe do xardín

# ESTUDIO E ANÁLISE DO XARDÍN

## ANÁLISE FORMAL

Estrutura do xardín: o xardín de aparato, a horta e a carballeira.

O xardín configúrase a partir da conxunción de tres ámbitos distintos: o xardín de aparato, a horta, e a carballeira ou *bosque*. Cada un deles se formaliza segundo determinacións propias baseadas nas necesidades de uso-producción, representación e imaxe. A todas estas necesidades dásele resposta nun único recinto.

O xardín formal é a ropaxe con que se cubren as aspiracións sociais da familia promotora do establecemento. Nel se recoñece a unha sociedade que se prestixia no xardín, que amosa o seu poder económico ao desprazar un solo produtivo do seu uso lóxico, hacia o meramente ornamental. Procúrase asimesmo a búsqueda de valores espirituais ao aparecer o xardín como reclamo exterior das augas, en representación dunha Natureza que se presenta como sanadora. E neste caso dada a súa relación coa fonte -situada no seu seno-, o xardín pódese entender coma unha acción deferente, de honra hacia o manancial. Ofrecendo bens prezados e valiosos, exemplificados na exhuberancia das especies vexetais que o forman e na prodigalidade da carballeira.

Polo tanto vese posible cómo o xardín asume uns significados inusuais, ligados á acción curativa das augas máis aló do uso social de exercer como alameda ou espazo público de relación.

Co epígrafe utilizado de xardín formal, estámonos tamén referindo a diversos ámbitos que funcionan con certo grao de autonomía e personalidade propia dentro dos xardíns, como o chamado *Parque do Establecemento*, que actúa como alameda pública urbana despregada diante da fachada do manancial; o *Bosque do Establecemento*, como parque arqueolóxico; ou os distintos trazados xeométricos de buxo estendidos trala fachada traseira do Gran Hotel. Todos estes espazos -adaptados o seu deseño á topografía do lugar- funcionan socialmente de maneira unitara e necesitan actuacións de conxunto.

### 1. O Parque do Establecemento.

Este xardín formal desprégase como unha alfombra dende o portalón de entrada ata o templete das augas, e confire ás instalacións balnearias a cerimonia e a pompa que acompaña ao visitante que penetra no recinto ata chegar ao núcleo arquitectónico. Este espazo se configura como traxecto e salón simultaneamente. Temos un acceso transversal en curva e con aliñacións de árbores de gran porte, por un lado, (formando o eixe principal unha avenida para coches); e unha estrutura de paseos perimetrais por outro, con árbores e arbustos de menor envergadura que reducen a escala e permiten a estancia no interior das sebes e parterres de céspede. Estas sebes acollen maioritariamente no seu interior un manto verde de céspede, no que se distribuen as demais plantacións e macizos florais.

Este xardín organizado nun único plano horizontal diante do manancial e Gran Hotel, ten porén una lectura distinta dos demais ámbitos do xardín por acoller aquelas funcións asociadas a unha burguesía estival ociosa que procura espazos de relación e divertimento. Así, van a aparecer un quiosco de música; un paseo de coches que determina unha dobre entrada diferenciada no parque; e finalmente fará que todo este salón funcione como pista de xogos e alameda, extensión asimesmo das terrazas de sol e café da planta baixa do Gran Hotel.

Por outra banda, da letura das especies vexetais que forman este ámbito temos fundamentalmente, alineacións de árbores de gran porte como plátanos e liquidámbar, grupos de camelias e rododendros, palmeiras de abano, castaños de indias, e grandes coníferas como o par de criptomeras en torno ao quiosco da música.

### *Caracterización do xardín formal-Parque do Establecemento:*

- Templete do manancial de Gándara, e planta embotelladora.
- Gran Hotel
- Avenidas de acceso/Paseo de coches.
- Parterres de céspede
- Quiosco de música
- Portalón con verxa monumental de fundición
- Cruceiro sobre o rego Valdecide

### 2. Bosque do Establecemento.

Unha escalinata con balaustres moi tectónica serve como porta monumental de entrada a iste espazo. De ela ramifícanse os dous ramais principais -seguindo as curvas de niveis- que organizan os paseos no bosque; un que se dirixe á pequena capela neorrománica do Carme, e outro que discorre en dirección oposta para enlazar cos xardíns posteriores do Gran Hotel. Entre ambos itinerarios dispóñense as dúas pequenas edificacións hoteleiras formalizadas como chalés suízos, tipoloxías que certamente na época de finais do século XIX se entendían como as máis axeitadas para integrarse nun bosque. O acerto destas construcións débese en primeiro lugar á súa fragmentación dentro do parque, e ista circunstancia amosa o coidado dista intervención, conscientemente disposta en contraste coa masa hoteleira do Gran Hotel. Temos pois un dos primeiros exemplos en Galicia dista forma de actuar, e a vixencia do seu discurso arquitectónico, amosa a perfecta integración que se logrou entón.

Seguindo o traxecto deseñado cara a capeliña do Carme aparece disposta na faldra do monte a colección arqueolóxico-etnográfica dos irmáns Peinador.

En sentido ascendente atopámonos:

- *un cruceiro no primeiro descansillo da escalinata*
- *un peto de ánimas barroco ao que se accede por unha pequena escaleira de pedra*
- *unha composición formada por un gran arco toral e capiteis procedentes da igrexa románica de Casteláns*
- *un pedestal columnario hoxe valeiro que acollía un capitel románico*
- *bancos e mesas de pedra*
- *unha composición formada por distintos elementos románicos, agrupados en cinco unidades para formar o denominado Coro Románico, e composto con diferentes columnas, arquiños, capiteis e molduras*
- *un pequeno peto de ánimas erixido sobre unha base de pedra*
- *unha cruz de pedra chantada nunhas laxes do propio bosque*

Todos estes elementos que acompañan o percorrido polo bosque, esta sucesión ambiental erudita e chea de romanticismo, converte a este paseo nun dos máis evocadores e fermosos de Galicia, único en certa medida, dada a calidade do itinerario e das pezas que o conforman.

A instalación deste conxunto de pezas, inseparables xa do propio bosque, responde á visión filántrópica da familia Peinador, que pón en valor o pasado do país para recuperar da súa perda os seus elementos medievais máis significativos. Actuando tamén en paralelo co que se viña facendo noutros grandes parques europeos nos que se incorporaban ou recreaban ruínas ficticias, medievais ou clásicas, formalizando esceas pintorescas e descubrindo novas paisaxes e maneiras de ver.

Seguindo a descrición deste percorrido en sentido ascendente atopámonos, antes de chagar á capela, cunha rotonda de carballos circundando unha pequena fonte, con vaso baixo polilobulado e chafariz metálico hoxe desaparecido.

Finalmente chegamos á capela do Carme aberta a un pequeno adro de perímetro circular con banco corrido que serve de mirador sobre o bosque, e cun novo cruceiro incorporado no muro de peche. No lateral da sancristía dispóñense uns trazados parapetados con muros de buxo e unha pequena horta de frutais con saída exterior ao camiño por unha pequena cancela.

O segundo ramal en importancia do bosque diríxise polo lateral do Gran Hotel para empalmar cos xardíns e hortas do fondo da finca. Unha curiosa ponte con varanda de cemento imitando ramaxes unía orixinarmente este punto do paseo co primeiro andar do Gran Hotel, en concreto cos cuartos e oficinas privadas dos propietarios ofrecendo unha comunicación directa entre bosque e hotel.

A forte pendente do monte serviu para construír no punto máis alto un dos elementos máis significativos do Bosque: o depósito de augas. Cun forte sentido paisaxístico que trascendeu a súa estricta funcionalidade, esta instalación cubreuse cun muro de pedra poligonal rematado cunha coroa almeada, para converterse, en perfecta comunión co resto do parque, nun torreón neomedieval. Incorporando ademais aos seu pés unha lámina de auga de contorno irregular para pechar a súa imaxe de vella fortificación illada tras un foso. É un novo cadro pintoresco no xardín que se incorporaría ás visións de paseo polo bosque servindo de fondo escenográfico.

Neste bosque, decisivo na conformación dos xardíns do balneario, vemos a importancia que sempre tiveron os xardíns para a dignificación das augas do manancial de Gándara. Mediante o acompañamento arbóreo deste Bosque, o Establecemento adquire o seu estatus de Gran Balneario con prestixio internacional. Por iso se erixe no lugar unha capela que sacraliza o monte no que nacen as augas e se incorpora e instala a colección arqueolóxica románica, todo para crear a atmósfera dun bosque sagrado con ruínas, un parque deseñado exclusivamente para prestixialo establecemento balneario.

A escalinata monumental na esquina noroeste do Gran Hotel abre paso ao bosque e funciona como estandarte e anuncio do mesmo. A súa singularidade explícase por situarse privilexiadamente entre manancial e Gran Hotel.

#### *Caracterización do Bosque do Establecemento:*

- Escalinata monumental de acceso
- Capela do Carme
- Chalés suízos de dona María e don Luís
- Depósito-torreón sobre lagoa artificial
- Cocheira
- Colección arqueolóxica: ruínas medievais románicas
- Colección etnográfica: cruces, cruceiros e petos de ánimas
- Fonte con rotonda de carballos
- Miradoiros, paseos, escaleiras, e ponte ao Gran Hotel
- Carballos, cedros, criptomeras, castaños de indias, borduras de buxo

### 3. Horta do Establecemento

O espazo da horta é un dos máis interesantes dentro do xardín, e está incorporada con moito acerto no recinto do Establecemento. En realidade a súa presenza sempre foi compatible co desenvolvemento do xardín actuando todo de maneira conxunta.

Ao ser un espazo de produción agrícola goza dunha orientación sur axeitada coa súa función, recibindo máis luz e espazo despexado, e alonxándose do ambiente denso e opaco que caracteriza á frondosidade dos espazos de bosque e alameda.

A estrutura da horta ven condicionada pola presenza do regato Valdecide que discorre lonxitudinalmente

por todo o xardín. Este rego se canaliza e ordena con muros de pedra, e pequenas presas que regulan o seu caudal. E queda formalizado como recurso paisaxístico do xardín ao ofrecer tamén ensanchamentos circulares do seu cauce destinados a zona de baños.

A maior singularidade que nos ofrece ó seu paso pola horta é a illa que se crea no seu cauce salvada -ao igual que en outros puntos do seu percorrido- mediante pontes rústicas con barandillas formando enramados artificiais. Este illote natural alongado e de perfil irregular acolle no seu centro a estufa do Establecemento, que é unha magnífica construción de ferro que servía de invernadeiro de orquideas e outras plantas ornamentais para o hotel. É unha pequena edificación de planta rectangular para dúas estancias vexetais, con pasillo transversal, e cuberto todo por unha bóveda de cristal. A pesar do seu mal estado de conservación, hoxe é unha mostra valiosa desta tipoloxía en Galicia, máis se cabe, pola súa configuración resgardada na illa do Valdecide. Frente á entrada da estufa descende de novo cara ao río unha escaleira abalaustrada.

Neste illote de Valdecide crece ademais a típica vexetación autóctona de ribeira moi desenvolvida (ameneiros, sabugueiros, salgueiros...), xunto con outras plantacións ornamentais como criptomerias e un bosquecillo de bambúes. No medio deste último e orientado cara ó parque érguense como curiosidade os restos dunha delicada maqueta do Gran Hotel.

A zona central da horta que ocupaba todo o sector oeste do río, foi substituída a mediados do século XX por un parque de recreo destinado ao xogo do minigolf, permanecendo hoxe en día algunha das vellas estruturas e maquetas en pé, como vello recordo da historia do hotel, que prolongaba no tempo a tradición balnearia do xardín como espazo de divertimento. Porén, no fondo deste sector, mantense o campo de frutais (onde predominan maceiras e perais) e de hortas do establecemento.

A ordenación-recuperación dos cultivos é un aspecto importante que se ha de resolver cando se execute a rehabilitación da finca, así como a restitución das árbores frutais non conservadas. E así mesmo garantir a continuidade e presenza dos vellos xogos na horta.

Por último, salientar que acompañando á horta, consérvanse as construcións adxetivas do Gran Hotel, entre as que destaca a vella lavandería: magnífico edificio industrial de grandes proporcións alongadas, e que ofrece, á súa horizontalidade, como contrapunto, a fermosa cheminea cadrada de cantaría: un novo símbolo do balneario.

#### *Caracterización da horta:*

- Canles, presas, escaleiras e pontes do rego Valdecide
- Illote no río con estufa central
- Maqueta do Gran hotel entre bambúes
- Campo de minigolf
- Plantacións de rosáceas.
- Horta e Pomario
- Lavandería e outras construcións
- *Pollería*

#### 4. Xardíns ornamentais de buxo

Tomando como eixo a banda do sector oriental do rego Valdecide, aparecen incorporados ao deseño dos xardíns uns novos trazados dispostos trala fachada posterior do edificio do Gran Hotel. Neste caso temos unha distinta sucesión de xardíns trazados xeométricamente con buxo, aínda que hoxe a banda central está ocupada pola piscina do hotel. O primeiro destes trazados e máis cercano ao hotel, é un parterre cadrado con paseos en cruz, e rotonda central ocupada por unha fonte circular de taza baixa e chafariz central. Aínda que existen faltas de borduras que desdebuxan o motivo xeral, é recoñecible aínda a súa estrutura e

configuración, podéndose identificar nos extremos dos catro cadros algúns motivos de *broderie* e trazados con flores. O parterre atópase máis danado na súa metade oriental, que é a que limita cos paseos superiores de borde co bosque, e que é onde gozaría dunha visión aérea máis axeitada para a súa contemplación.

O segundo dos trazados, a continuación das instalacións da piscina, localízase ao fondo da parcela preto do muro de peche exterior. Aquí temos de novo importantes faltas no debuxo e borduras desaparecidas. Porén pódese entrever un deseño en aspás cruzadas dobres a partir dun paseo central recto. Todo con plantación de buxo e pequenos prismas sobresaintes nas esquinas.

*Caracterización dos xardíns de buxo:*

- Trazados xeométricos e paseos de buxo, xardíns de flores
- Rotonda central con fonte
- Muros de pedra, escaleiras e organización en bancais
- Piscina do Gran Hotel
- **Plantacións ornamentais: palmeiras canarias, datilíferas, cedros, teixos, rododendros...**

## ÁNALISE PAISAXÍSTICA

### A presenza do xardín na vila de Mondariz-Balneario

Como xa se referiu anteriormente a forte presenza do xardín na vila de Mondariz-Balneario é un feito incontestable, entre outras moitas cousas pola forma en que xurde como marco de fondo ao final das rúas; pola súa situación topográficamente apreciada dentro do val fluvial do Tea; pola rotundidade da súa presenza co perfil semiesférico do *Bosque* colmado de vexetación; pola súa relación de pequena e gran escala co resto das infraestruturas balnearias nas que se asenta; pola súa relación coa área paisaxística á que pertence (a cuenca fluvial do río Tea); por ser inicio e fin da estrutura urbana da propia vila e cerne do seu desenvolvemento.

Pódese dicir máis ben con propiedade que é a vila de Mondariz-Balneario a que debe estar incorporada paisaxisticamente ao xardín do balneario dada a inseparable interrelación de unha coa outra. E o crecemento da vila debe testarse sen dúbida respecto do balneario, que é o seu ben cultural máis prezado.

A proxección arquitectónica do xardín dentro da vila é enorme, e a súa imaxe pode dicirse que se expande no seu trazado coma un fito urbano. Por iso tódalas actuacións que teñan lugar no xardín deben verse máis aló da súa propia entidade física xa que trascenderán, sen dúbida, o ámbito do seu recinto intramuros para trasladarse con xenerosidade fora dos seus límites. Neste aspecto, son significativas as primeiras imaxes publicitarias de principios de século XX editadas pola propia familia Peinador, nas que son visibles sempre en encadres medios o Gran Hotel envolto nun mar de vexetación. Determinando en definitiva a imaxe dun mundo ideal natural.

O xardín subraia o seu valor paisaxístico coa súa personalidade extrovertida. Non é un xardín “privado” e oculto no sentido de ser disfrutado únicamente polos seus propietarios, que o resgardan da contorna. Os seus valores intrínsecos áchanse na súa forte masa compacta arraigada no mesmo monte. E é este valor paisaxístico, superior aos trazados e deseños vexetais que contén no seu interior.

Os diferentes ámbitos que o forman (horta-carballeira-xardín formal) se funden nun todo que logra unha unidade, que é a que cobra sentido, e que quedará danado de acometerse as operacións urbanísticas no in-

terior do seu recinto como está previsto no convenio urbanístico.

A configuración da vila balnearia é inseparable dos xardíns do seu establecemento mineiro-medicinal, pois seguen un patrón unitario na conformación dos seus espazos e comparten unha relación máis que física entre ambas, sendo de esta maneira imposible a súa disociación.

Danar o ámbito do xardín histórico precisamente no seo do seu *bosque* -lugar especialmente sensible- supón unha ameaza ao ben cultural por antonomasia do Condado, e aínda é sorprendente dicir o obvio: que nunha carballeira histórica non se pode construír unha urbanización de vivendas.

Os xardíns do Balneario forman parte do patrimonio paisaxístico de Galicia e da vila de Mondariz-Balneario, incorporados a ela e formando parte dela inseparablemente, da mesma forma que o río Tea ou o montes da Pedreira. Calquera alteración que se produza neles (preto de 4.500 m<sup>2</sup> construídos de vivenda libre) afectará aos valores do ben cultural por antonomasia desta vila balnearia, e á súa contemplación, apreciación e estudo.

Por último lembrar que é fundamental (e de acordo aos principios recollidos na Carta de Florencia de 1981) o respecto ao espírito e razón de ser do xardín, entendedos procesos históricos desenvolvidos nel, (o xardín como documento), e non alterala letura con elementos discordantes.

Un dos puntos importantes é pois restablecer e protexela integridade do xardín no seu conxunto, dotándoo de instrumentos urbanísticos que non poñan en perigo a integridade do conxunto.